

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **VINTESEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

3º.- SUBVENCIONS.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 5983, de data 20 de novembro de 2008, expediente DH.B36.14529 a nome de D^o Antonio Moreira Villar, remitindo resolución de data 14 de novembro de 2008 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de un pozo situado no polígono 507, parcela nº 566, referencia catastral 36052C507005660000TT, no lugar de Lourás, parroquia de Manduas (Silleda) cun caudal medio de auga de 0,09 litros/segundo, para uso doméstico e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.2.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6006, de data 21 de novembro de 2008, expediente DH.B36.13743 a nome de D^o Francisco Pena Lázara, remitindo resolución de data 17 de novembro de 2008 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de un pozo e un manantial situado no polígono 501, parcela nº 66, referencia catastral

36052C501000660000TP, no lugar de A Cruz, parroquia de Chapa (Silleda) cun caudal medio de auga de 0,04 litros/segundo, para uso doméstico e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.3.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6004, de data 21 de novembro de 2008, expediente DH.A36.05947 a nome de D^a Ofelia Montouto Calvo, remitindo resolución de data 14 de novembro de 2008 de arquivo por desestimento da solicitude de concesión dun caudal de auga para uso doméstico no lugar e parroquia de Lamela (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.4.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6005, de data 21 de novembro de 2008, expediente DH.B36.13762 a nome de D^o Orlando Jorge Trinidad dos Santos, remitindo resolución de data 14 de novembro de 2008 na que se propón declarar desistida a solicitude de concesión dun caudal de auga no lugar de A Pena, parroquia de Saidres (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.5.- Escrito do Director do Colexio M^a Inmaculada de Silleda, Rexistro de Entrada nº 6014, de data 21 de novembro de 2008, solicitando para o vindeiro día 18 de decembro un equipo de megafonía con motivo da celebración do XIV Festival de Panxoliñas deste centro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado e dar traslado deste acordo ó Concelleiro de Cultura.

1.6.- Dase conta dos escrito presentados polo posto da Garda Civil de Silleda, Rexistro de Entrada nº 5927, 5928, 5929 e 5930, todos eles de data 14 de novembro de 2008, en relación o abandono incontrolado e o aire libre de vehículos na rúa Avda. do Parque 69 de Silleda, por parte da empresa Galesnave, S.L., con domicilio na rúa Puente, nº 82, 36.500 (Lalín), e que se relacionan a continuación:

Expediente	DATOS DO VEHÍCULO			Matrícula
	Tipo	Marca	Modelo	
2008-004661-00000435	Furgoneta	Renault	Master 35 D	M2581MD
2008-004661-00000433	Turismo	Hyundai	Coupe	C1528BU
2008-004661-00000434	Furgoneta	Renault	Trafic TB13	PO3291AJ
2008-004661-00000432	Furgón	Iveco	40101	LU7199T

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar ó propietario dos vehículos para que proceda á retirada dos mesmo e no caso contrario advertir que iniciárase expediente sancionador.

1.7.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 5897, de data 13 de novembro de 2008, remitindo informe sobre recibos de auga do Bodegón Esther.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado deste informe á titular do establecemento, D^a Esther Montouto García.

1.8.- Dase conta do Informe da Policía Local nº 406/08, de data 19 de novembro de 2008, en relación a solicitude presentada por D^o Juan Ramón Villaverde Campos de solicitude de baixa na taxa de basura do local sito na rúa Xeral, nº 41 baixo de Bandeira (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe anteriormente mencionado no que se indica que este local estaba destinado a tenda de lanas e que cesou súa actividade a finais do ano 2007, acorda proceder a baixa deste recibo e comunicar este acordo ó ORAL. (Nº de expediente de xestión: 39070000007308).

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- Visto que con data 14 de novembro de 2.008 detectouse a necesidade de realizar a contratación da subministración de material para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do Curso denominado “Instalador de Sistemas Fotovoltaicos (Módulo B)” e aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada.

Visto que dada a característica da subministración polo considérase como procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 25 de novembro de 2008 emitíuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que con data 25 de novembro de 2.008 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que conforon redactados e incorporados ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 25 de novembro, realizouse polo Interventor a retención de crédito oportuna e con data e informe de fiscalización do expediente.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 94 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade da subministración de material para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do Curso denominado “Instalador de Sistemas Fotovoltaicos (Módulo B)”

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 25.447,50 euros. IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación da subministración de material para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do Curso denominado “Instalador de Sistemas Fotovoltaicos (Módulo B)” por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato do servizo de da subministración de material para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do Curso denominado “Instalador de Sistemas Fotovoltaicos (Módulo B)” por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Solicitar ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para a execución do obxecto do contrato.

3º.- SUBVENCIONES.-

3.1.- En relación á subvención concedida pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, ó abeiro da Orde de 6 de xuño de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a programas de accións de concellos incluídos na Rede Natura 2000, para a realización da acción “Sinalización e conservación sendeiro”; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a seguinte factura presentada en data 18 de novembro de 2008, Rexistro de Entrada nº 5945

Fecha Factura	Nº Factura	Proveedor	Importe
17.11.08	2008 6154	Berreras de Seguridad S.L.	3.000,02

3.2.- Xustificación de subvencións para actividades culturais/deportivas.

Visto que a Xunta de Goberno Local acordou nas súas sesións de data 14 de xullo de 2.008 (Actividades Culturais) e 23 de setembro de 2008 (Actividades Deportivas) conceder, entre outras, as seguintes subvencións ós beneficiarios que se indican a continuación:

ASOCIACIÓN/COLECTIVO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	SUBVENCIÓN XUSTIFICADA	TOTAL
Asoc. de Amigos do Grupo de Gaitas Carqueixas	500,00	500,00	500,00
Asoc. de Veciños de Manduas AVEMA	400,00	400,00	400,00
Sociedade Deportiva Silleda	15.400,00	15.400,00	15.400,00

Visto que as referidas subvencións teñen un carácter condicionado que deberá ser xustificado documentalmente ante a Intervención Municipal ós efectos do cumprimento da lexislación aplicable, en relación co fin previsto polas Bases Reguladoras Específicas da Convocatoria para o Outorgamento de Subvencións para Actividades Culturais no Concello de Silleda.

Vista a documentación xustificativa presentada polas Asociacións/Colectivos anteriormente mencionados.

Visto asimesmo o informe favorable de Intervención, de data 17 de novembro de 2.008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a xustificación das subvencións para actividades culturais mencionadas anteriormente.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Actividades Clasificadas.

4.1.1.- Licencia Nº 235/08. Visto o expediente instruído a instancia de D^a Natalia Guzmán Pereira, en representación da CERVECERIA O REFUXIO, S.L., solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a cafetería, a situar na rúa Estrada da Estación, nº 24 baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 13 de outubro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 5490 de data 23.10.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Traballará coas portas e ventás pechadas e ventilación forzada. A saída de gases e fumes da cociña será ao cumio da edificación por conducto independente. Instalará unha cámara separadora de graxas para as augas dos vertedoiros, co dimensionamento adecuado, previo ó entronque coa rede de sumidoiro. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do Concello. Non superará os 80 dB(A) no interior do local e instalará limitador de son, precintado polo concello por debaixo de 70 dB(A) para o equipo musical. Xestionará todos os residuos xerados, segundo sexa a súa tipoloxía, con xestores autorizados. Os aceites usados da cociña serán obxecto de recollida por

xestor.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcíons legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.1.2.- Licencia nº 6759/07. Visto o expediente instruído a instancia de URBANIZACIONES DEL DEZA, S.L., solicitando Licencia de actividade para instalación emisora GLP con un depósito de 4,88 m³ aéreo, en azotea para edificio de 20 vivendas, a situar na rúa Xeral, nº 20 de Bandeira (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 10 de outubro de 2.008, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinada polo Enxeñeiro Técnico Industrial Dº José Luis Sanz Acosta, de data 24 de xullo de 2007, (Rexistro de Entrada nº 7527, de 27.11.07), e visado en data 30 de xullo de 2007, nº 387507.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 18 de novembro de 2.008, acorda a concesión de licencia de actividade a URBANIZACIONES DEL DEZA, S.L., para instalación emisora GLP con un depósito de 4,88 m³ aéreo, en azotea para edificio de 20 vivendas, a situar na rúa Xeral, nº 20 de Bandeira (Silleda).

4.1.3.- Licencia Nº 3524/07. Visto o expediente instruído a instancia de Dº LUIS LÓPEZ TROITIÑO, solicitando Licencia de actividade para ampliación de explotación de gando vacún, a situar na finca nº 421, polígono 7, do plano de concentración parcelaria de Negreiros-Margaride, chamada Panasqueira, nas proximidades do lugar de Sachocos, parroquia de Negreiros (Silleda)

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública

co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 31 de outubro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 5912, de data 14 de novembro de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre, Nociva, CD. 012-42, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

d) Previo outorgamento da licenza de actividade estará en posesión do informe favorable do xefe local de sanidade. A fosa será estanca e impermeable e con peche perimetral e en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. A auga de abastecemento contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo, ademais haberá de proceder á súa inscrición perante o organismo Augas de Galicia. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o “RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias”, e o “RD lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas”.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.2.- Dase conta do Informe da Policía Local nº 408/08, de data 19 de novembro de 2008, en relación a obra levada a cabo por parte de D^a Josefa Moreira Villar, no comenzo da pista de acceso a nave municipal sita en Ulleiro, na súa marxen esquerda, consistente en construción de columna de hormigón.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a paralización cautelar da obra, con precintado da mesma e que se emita informes por parte dos servizos técnicos e xurídicos do Concello, así como remisión deste acordo a D^a Josefa Moreira Villar.

4.3.- Dase conta do Informe da Policía Local nº 407/08, de data 19 de novembro de 2008, realizado por acordo desta Xunta de Goberno Local, correspondente a súa sesión do 30 de outubro de 2008, en relación o escrito presentado por parte de D^o Armando González Curros.

Visto que no informe mencionado indícase que por parte de D^a Leonor Penas Pardo, e nas inmediacións do inmovible nº 4 do lugar de A Cruz, parroquia de Cira (Silleda), constrúese un muro de cierre, a modo de muro de contención e lévase a cabo a construción dun hórreo sin contar coa preceptiva licenzia municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a paralización cautelar das obras e que por parte da oficina técnica se emita informe para determinar si procede adoptar medidas de reposición da legalidade, así como remisión deste acordo a D^a Leonor Penas Pardo.

5^o.- INTERVENCIÓN.-

5.1.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00077-08, de data 24 de novembro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 122.417,14 € (Relación en Anexo adxunto).

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,